En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 46348**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luísa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a política que promove a Xunta de Galicia en relación coa adquisición preferente de vivendas protexidas polo dereito de tanteo e retracto, para a súa incorporación ao parque público de vivenda, así como as previsións concretas ao respecto para os anos 2019 e 2020”**, (publicada no BOPG número 435 do 21 de febreiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“As vivendas protexidas non se poden transmitir en calquera momento, nin a calquera persoa ou sociedade, nin a calquera prezo. Todos os requisitos e os prazos están regulados por lei e o seu cumprimento é estritamente vixiado polo Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS). Ao mesmo tempo, as limitacións ao dereito de dispoñer da vivenda protexida deben constar na escritura de compravenda e estar inscritos no Rexistro da Propiedade, de xeito que se multiplican os controis.

Neste sentido, exercer o dereito de tanteo e retracto só serve para impedir que o comprador da vivenda, que cumpre todos os requisitos para acceder a ela, se vexa impedido de poder optar a unha vivenda protexida. A Xunta de Galicia opta preferentemente por facilitar o acceso á vivenda con novas promocións, adquisición de vivendas para a súa rehabilitación, axudas ao alugueiro e á rehabilitación e axudas aos concellos para a creación dun parque público municipal de vivenda en alugueiro que complementa ao propio da Xunta de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2019 13:13:48
Nº Rexistro: 53187
Data envío: 01/08/2019 13:13:48.423

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/08/2019 13:13:44

CSV: BOPGDSPGpV1DsuhSU7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 47813**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ **as previsións do Goberno galego referidas á aprobación dun plan de conservación da paisaxe protexida dos Penedos de Pasarela e Traba segundo o establecido no Decreto 294/2008, así como o asinamento dos convenios de colaboración comprometidos cos concellos de Vimianzo e Laxe para labores de limpeza e sinalización deses espazos**”, (publicada no BOPG número 450 do 27 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Actualmente, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural está ultimando a elaboración dos plans de conservación dos monumentos naturais de Souto da Retorta, Fraga de Catasós e A Serra de Pena Corneira. Ademais, estase a traballar na elaboración dos PRUX de todos os parques naturais. O seguinte paso serán os traballos de planificación da paisaxe protexida de Penedos de Pasarela e Traba.

Como non pode ser doutro xeito, tanto o plan de acción da paisaxe como o plan de conservación garantirán a protección, xestión e ordenación da paisaxe protexida”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53231
Data envío: 01/08/2019 16:37:05.909

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/08/2019 16:36:42

CSV: BOPGDSPGpV1DsahSU7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 50596**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o estado de desenvolvemento no que se atopa o proceso selectivo de persoal para o Corpo de inspectores veterinarios da Xunta de Galicia convocado mediante a Orde da Consellería de Facenda, do 31 de marzo de 2017, así como o prazo previsto para a publicación das puntuacións definitivas”**(publicada no BOPG número 486 do 12 de xuño de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A oposición para o acceso á escala de veterinarios da Xunta de Galicia estase realizando dentro dos prazos legais.

A última resolución foi no mes de xaneiro, na que se deu comezo á fase de baremación de méritos. Nesta fase, o Tribunal atopou dúbidas interpretativas, motivo polo cal solicitou informe aclaratorio á Dirección Xeral da Función Pública. Esta Dirección, logo de confirmar que hai aspectos dubidosos a raíz de recente xurisprudencia, decidiu solicitar informe á Asesoría Xurídica da Xunta para que clarifique estas dúbidas.

Unha vez se reciba este informe e se clarifiquen as dúbidas, a Xunta continuará coa baremación e pechará esta fase.

A Xunta está a actuar cun único criterio: acadar a maior seguridade xurídica para evitar reclamacións e resolucións xudiciais posteriores que poidan comprometer o resultado do proceso, prexudicando aos aspirantes que participan nel.



En todo caso, convén lembrar que a solicitude de informes sobre aspectos dubidosos é un procedemento habitual en calquera administración, que se activa en procura da maior seguridade xurídica”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53115
Data envío: 31/07/2019 16:36:55.945

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/07/2019 16:36:31

CSV: BOPGDSPGpV1DsihSU7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53129
Data envío: 31/07/2019 16:39:21.758
Data 31/07/2019 16:39

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 42053**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións do Goberno galego en relación ao tratamento de augas residuais na ría de Pontevedra”**, (publicada no BOPG número 410 do 14 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O saneamento integral das rías galegas é un dos obxectivos prioritarios do Goberno galego. A aposta da Xunta polo saneamento das rías, en xeral, e pola ría de Pontevedra, en particular, é clara: estase traballando cun grande esforzo para sentar as bases do saneamento desta ría co máximo respecto ao medio ambiente e pensando no beneficio de todos os galegos.

A Xunta ten a capacidade para actuar no seu ámbito de competencia e, nese sentido, está adoptando as decisións máis axeitadas coas ferramentas das que dispón e seguirá traballando pola mellora do saneamento da ría de Pontevedra na busca da mellor solución desde un punto de vista técnico, económico, social e ambiental, intentando minimizar os impactos ambientais e sociais que poden ocasionar este tipo de actuacións; e traballando en prol do crecemento da ría e dos seus fundamentais sectores produtivos (actividade marisqueira, turismo...) que se verán beneficiados por estas actuacións.

No saneamento da ría de Pontevedra desde o ano 2009 lévanse investido arredor de 40 millóns de euros. Actualmente, atópase en redacción o Plan de Saneamento Local, no que se plasmarán as actuacións que permitirán mellorar definitivamente o estado desta ría.



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2



Actualmente tamén está en marcha a actuación consistente na mellora da EDAR actual de Praceres, cun investimento de 16 millóns de euros, e que se completará coa construción dun novo emisario submarino, dimensionado para a situación actual e futura. Convén recordar tamén que a Xunta destina 3 millóns ao ano á explotación da EDAR de Praceres”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53129
Data envío: 31/07/2019 16:39:21.758

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/07/2019 16:39:18

CSV: BOPGDSPGpV1DsHhSU7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2019 13:14:25
Nº Rexistro: 53192
Data envío: 01/08/2019 13:14:25.267
Data 01/08/2019 13:14

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 42055**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a retirada polo Goberno do proxecto do emisario submarino en Lourizán (Pontevedra)”**, (publicada no BOPG número 410 do 14 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 42057, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia (BOPG) número 449, do 26 de marzo de 2019.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

páxina 1 de 1

CSV: BOPGDSPGpV1DsahSU7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2019 13:14:25
Nº Rexistro: 53192
Data envío: 01/08/2019 13:14:25.267

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/08/2019 13:14:21

CSV: BOPGDSPGpV1DsihSU7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53126
Data envío: 31/07/2019 16:38:46.805
Data 31/07/2019 16:38

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 42426**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a consideración pola Xunta de Galicia do posicionamento do pleno do Concello de Pontevedra en contra da ampliación da depuradora dos Praceres”**, (publicada no BOPG número 410 do 14 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O 10 de marzo do ano 2016 recaeu sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, declarativa de incumprimento da Directiva 91/271/CEE, sobre tratamento de augas residuais.

Esta sentenza declara o incumprimento que existe da Directiva en relación con esta aglomeración, pero podería traducirse en consecuencias económicas para o Reino de España, que se ponderan en función do grado de compromiso das Administracións coa resolución do problema existente. Para evitar consecuencias económicas negativas e que se poidan dar novos procedementos de infracción é preciso buscar a solución á problemática existente para que os concellos poidan cumprir coa normativa Europea en materia de saneamento.

Para dar cumprimento á Directiva 91/271/CEE, de 21 de maio, de augas residuais urbanas, desde a Xunta de Galicia vense traballando de maneira constante e cun compromiso claro de consecución deste obxectivo. A Xunta, a través Augas de Galicia, no marco das súas competencias, está a realizar todas as actuacións para adecuarse, canto antes, ao cumprimento das directivas europeas.



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2



Desde a Xunta a aposta polo saneamento das rías, en xeral, e pola ría de Pontevedra, en particular, é clara: estase traballando cun grande esforzo para sentar as bases do saneamento desta ría co máximo respecto ao medio ambiente e pensando no beneficio de todos os galegos.

A Xunta ten a capacidade para actuar no seu ámbito de competencia e está adoptando as decisións máis axeitadas, xa que non existen outras alternativas viables que acheguen solucións, e a inactividade non pode ser unha opción.

Desde o Goberno galego seguirase traballando pola mellora do saneamento da ría de Pontevedra buscando a mellor solución desde un punto de vista técnico, económico, social e ambiental, intentando minimizar os impactos ambientais e sociais que poden ter este tipo de actuacións e traballando en prol do crecemento da ría e dos seus fundamentais sectores produtivos (actividade marisqueira, turismo...) que se verán beneficiados por estas actuacións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53126
Data envío: 31/07/2019 16:38:46.805

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/07/2019 16:38:43

CSV: BOPGDSPGpV1DsihSU7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 42719**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a política do Goberno galego en materia de depuración e saneamento”**, (publicada no BOPG número 414 do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Para o Goberno galego é absolutamente prioritaria a mellora e conservación da calidade das masas de auga da Comunidade. É un dos compromisos máis firmes, no que se vén traballando nos últimos anos e co que se está contribuíndo de xeito eficaz a acadar ese saneamento. A Xunta traballa para acadar os obxectivos fixados cunha programación de actuacións dotada orzamentariamente. Ten elaborado plans de saneamento locais (plans especiais), ten construído infraestruturas necesarias (investimentos), e realiza un seguimento e control continuo da calidade das augas.

Cómpre salientar que para dar cumprimento á Directiva 91/271/CEE, de 21 de maio, de augas residuais urbanas, por parte de Augas de Galicia vense traballando de maneira constante e cun compromiso claro de consecución deste obxectivo. Augas de Galicia, no marco das súas competencias, está a realizar todas as actuacións para adecuarse, canto antes, ao cumprimento das directivas europeas.

No caso concreto da ría de Pontevedra, o Goberno galego, a través do Plan de saneamento local da ría, realizou traballos de inventariado das redes de saneamento, de medicións de caudal circulante polas redes e de calidade, de realización de batimetrías e de realización dun modelo dixital calibrado das redes de saneamento e do modelo calibrado da ría de Pontevedra.



Estes traballos teñen permitido a definición de propostas de actuación e o establecemento dunha priorización das mesmas.

No curto prazo, a Xunta aposta pola mellora da actual estación depuradora de augas residuais e pola construción dun novo emisario, prevéndose ao seu termo unha mellora substancial da calidade da auga depurada da EDAR.

A Xunta vén amosando o seu compromiso co saneamento da ría, axudando nunha materia que é de competencia municipal, no que ten investido arredor de 40 millóns de euros.

O traballo que está a liderar a Xunta na depuradora dos Praceres persegue un obxectivo a compartir polos concellos, como organismos competentes en saneamento e depuración. Neste sentido, faise necesario a implicación dos concellos no saneamento da ría, comezando pola reparación das deficiencias existentes na súa rede de colectores, para o que xa recadan a taxa de alcantarillado, que é finalista.

Desde o Goberno galego seguirase traballando pola mellora do saneamento da ría de Pontevedra buscando a mellor solución desde un punto de vista técnico, económico, social e ambiental, intentando minimizar os impactos ambientais e sociais e traballando en prol do crecemento da ría e dos seus fundamentais sectores produtivos (actividade marisqueira, turismo...) porque, a día de hoxe, non actuar na depuradora dos Praceres supón un risco real para estes sectores.

No relativo ao saneamento de Santiago de Compostela, cómpre lembrar que este está declarado de interese xeral do Estado desde o ano 2001, e tamén as estacións depuradoras de augas residuais de Ribeira e de Vigo foron executadas pola Administración Xeral do Estado.

En canto ao procedemento da Unión Europea, indicar que se trata dunha denuncia ao Reino de España, que afecta a núcleos urbanos de toda España. O encargado da defensa ante Europa é o Ministerio para a Transición Ecolóxica e a coordinación das actuacións fronte á Comisión realízase a través do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación. A Xunta colabora en todo momento e con plena disposición para realizar as actuacións que sexan necesarias para esta defensa.

Por último, en relación ao Plan nacional de depuración, saneamento, eficiencia, aforro e reutilización, o Estado está a someter unhas directrices sobre ese Plan ao trámite de consulta pública e está pendente de coñecerse cal será o investimento que vai realizar o Estado, máis





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53236
Data envío: 01/08/2019 16:38:14.815

alá da proposta nos programas de medidas dos plans hidrolóxicos. Desde a Xunta de Galicia colaborarase co Goberno do Estado en todo o que sexa requirido”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53236
Data envío: 01/08/2019 16:38:14.815

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/08/2019 16:38:10

CSV: BOPGDSPGpV1DsuhSU7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2019 09:46:45
Nº Rexistro: 53424

Data envío: 06/08/2019 09:46:45.076

Data 06/08/2019 09:46

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 43115**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para a paralización do proxecto de mellora no acceso a Setados, no Concello de As Neves”**, (publicada no BOPG número 417 do 23 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 43116, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia (BOPG) número 450, do 27 de marzo de 2019”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



página 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2019 09:46:45
Nº Rexistro: 53424
Data envío: 06/08/2019 09:46:45.076

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/08/2019 9:46:41

CSV: BOPGDSPGpV1DsHhSU7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2019 09:46:37
Nº Rexistro: 53423
Data envío: 06/08/2019 09:46:37.014
Data 06/08/2019 09:46

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: 43362, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a valoración pola Xunta de Galicia da posibilidade e necesidade de convocar unha mesa institucional e social pola seguridade nas estradas co obxecto de acordar actuacións extraordinarias por todas as administracións con competencias na materia**”, (publicada no BOPG número 417 do 23 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director da Axencia Galega de Infraestruturas en resposta á pregunta oral en Comisión número 43361, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 7 de febreiro de 2019; e, máis recentemente, tamén ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Mobilidade en resposta á interpelación número 43360, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída no Pleno do 11 e 12 de xuño de 2019.

As respostas completas, tanto da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, como do director da Axencia Galega de Infraestruturas, poden verse nos seguintes enlaces:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-06-12?
part=783b25a6-85e8-47f9-86e9-cbd618971dd3&start=13989](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-06-12?part=783b25a6-85e8-47f9-86e9-cbd618971dd3&start=13989)

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-06-12?
part=783b25a6-85e8-47f9-86e9-cbd618971dd3&start=15009](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-06-12?part=783b25a6-85e8-47f9-86e9-cbd618971dd3&start=15009)



<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-02-07?part=8b3ee90d-c645-4767-b967-d3e805191ce6&start=2031>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-02-07?part=8b3ee90d-c645-4767-b967-d3e805191ce6&start=2946>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2019 09:46:37
Nº Rexistro: 53423
Data envío: 06/08/2019 09:46:37.014

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/08/2019 9:46:32

CSV: BOPGDSPGpV1DsihSU7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 43478**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Jacobo Moreira Ferro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións respecto da execución da segunda fase das obras de mellora na PO-531, no lugar da Devesa, e para atender as demandas dos veciños sobre esta estrada”**, (publicada no BOPG número 423 do 31 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director da Axencia Galega de Infraestruturas en resposta á pregunta oral en Comisión número 43476, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 6 de marzo de 2019.

A resposta completa do director da Axencia Galega de Infraestruturas, pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-03-06?part=b8bf938c-8554-4717-97ff-591b68ac2da3&start=532>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-03-06?part=b8bf938c-8554-4717-97ff-591b68ac2da3&start=1141>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53494
Data envío: 06/08/2019 14:52:42.695

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/08/2019 14:52:39

CSV: BOPGDSPGpV1DsHhSU7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 43497**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Beatriz Mato Otero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o avance na execución da prolongación da Vía Ártabra entre a N-VI e a estrada autonómica AC-221”**, (publicada no BOPG número 417 do 23 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director da Axencia Galega de Infraestruturas en resposta á pregunta oral en Comisión número 43496, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 6 de marzo de 2019.

A resposta completa do director da Axencia Galega de Infraestruturas pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-03-06?part=b8bf938c-8554-4717-97ff-591b68ac2da3&start=1768>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-03-06?part=b8bf938c-8554-4717-97ff-591b68ac2da3&start=2429>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2019 09:46:28
Nº Rexistro: 53422
Data envío: 06/08/2019 09:46:28.498

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/08/2019 9:46:25

CSV: BOPGDSPGpV1DsihSU7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2019 09:46:13
Nº Rexistro: 53420
Data envío: 06/08/2019 09:46:13.326
Data 06/08/2019 09:46

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 44438**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Luis Villares Naveira e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir o uso do galego nos termos reflectidos na Lei 17/2006, do 5 de xuño, da radio e televisión de titularidade estatal”**, (publicada no BOPG número 423 do 31 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Medios**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego exerce as súas funcións de conformidade coas competencias que ten atribuídas no Estatuto de Autonomía e o resto da normativa de aplicación.

Así, de acordo co artigo 34 do Estatuto de Autonomía de Galicia, correspóndenlle á Comunidade Autónoma de Galicia as competencias canto á regulación, creación e mantemento da súa propia radio e televisión, no marco das normas básicas do Estado.

É, precisamente, o principio de competencia o que determina a esixencia de responsabilidades ás administracións polas funcións que teñen atribuídas.

Polo tanto, o que non pode facer a Xunta de Galicia é inmiscuirse nas competencias que ostenta a Administración Xeral do Estado.

Neste senso, o Goberno galego non pode atribuírse ningunha potestade sobre a Corporación de Radio y Televisión Española.



Como é sabido, existe a nivel estatal una Comisión parlamentaria mixta a través da cal se exerce un control da CRTVE e, no marco da cal, pódense esixir responsabilidades canto ao cumprimento das súas obrigas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2019 09:46:13
Nº Rexistro: 53420
Data envío: 06/08/2019 09:46:13.326

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/08/2019 9:46:09

CSV: BOPGDSPGpV1DsHhSU7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 45228**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do encargo dalgún estudo en relación coa contaminación do río Umia”**, (publicada no BOPG número 430 do 13 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola directora de Augas de Galicia en resposta á pregunta oral en Comisión número 45229, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 6 de marzo de 2019.

A resposta completa da directora de Augas de Galicia pode verse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-03-06?part=b8bf938c-8554-4717-97ff-591b68ac2da3&start=6537>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2019 13:14:02
Nº Rexistro: 53189
Data envío: 01/08/2019 13:14:02.751

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/08/2019 13:13:59

CSV: BOPGDSPGpV1DsHhSU7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53551
Data envío: 07/08/2019 14:02:24.200
Data 07/08/2019 14:02

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 45351** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“o establecemento polo Goberno galego dalgún acordo cos concellos en relación co canon unitario de tratamento por tonelada do lixo doméstico que deberá aplicar Sogama para o ano 2019”**, (publicada no BOPG número 430 do 13 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A rebaixa do 10% do canon aplicado aos concellos abordouse no seno do Consello de Administración de Sogama, do que forma parte do presidente da Fegamp, que foi informado dos pasos dados e do que se tiveron en conta as propostas realizadas.

O canon inclúe a transferencia, o transporte e o tratamento dos residuos urbanos procedentes dos concellos adheridos a Sogama.

No ano 2018, tratouse no complexo medioambiental de Cerceda o 74% do lixo recibido en Sogama, desviando a vertedoiro un 26%, unha porcentaxe moi inferior á dos outros modelos de xestión de residuos urbanos existentes en Galicia e á propia media estatal, situada no 57%.

Sogama contribúe ao cumprimento das directrices comunitarias en materia de xestión de residuos. De feito, coa ampliación do complexo medioambiental, multiplicará por catro a súa achega á reciclaxe e acadará o vertido técnico cero (10%) en 2020. Polo que cumprirá con



15 anos de antelación o obxectivo establecido por Europa para os Estados membros de desviar a vertedoiro só o 10% en 2035”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53551
Data envío: 07/08/2019 14:02:24.200

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/08/2019 14:02:11

CSV: BOPGDSPGpV1DsHhSU7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 45467**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón Sánchez García, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar o impacto que están a ter, na fauna e na flora do río Tea, as deficiencias existentes no sistema de depuración de augas residuais de Pontearas”**, (publicada no BOPG número 430 do 13 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola directora de Augas de Galicia en resposta á pregunta oral en Comisión número 45466, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 6 de marzo de 2019.

A resposta completa da directora de Augas de Galicia pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-03-06?part=b8bf938c-8554-4717-97ff-591b68ac2da3&start=5668>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-03-06?part=b8bf938c-8554-4717-97ff-591b68ac2da3&start=6369>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53493
Data envío: 06/08/2019 14:52:29.617

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/08/2019 14:52:05

CSV: BOPGDSPGpV1DsHhSU7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 46346** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“a política que promove a Xunta de Galicia en relación coa adquisición preferente de vivendas protexidas polo dereito de tanteo e retracto, para a súa incorporación ao parque público de vivenda”**, (publicada no BOPG número 434 do 20 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“As vivendas protexidas non se poden transmitir en calquera momento, nin a calquera persoa ou sociedade, nin a calquera prezo. Todos os requisitos e os prazos están regulados por lei e o seu cumprimento é estritamente vixiado polo Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS). Ao mesmo tempo, as limitacións ao dereito de dispoñer da vivenda protexida deben constar na escritura de compravenda e estar inscritos no Rexistro da Propiedade, de xeito que se multiplican os controis.

Neste sentido, exercer o dereito de tanteo e retracto só serve para impedir que o comprador da vivenda, que cumpre todos os requisitos para acceder a ela, se vexa impedido de poder optar a unha vivenda protexida.

A Xunta de Galicia opta preferentemente por facilitar o acceso á vivenda con novas promocións, adquisición de vivendas para a súa rehabilitación, axudas ao alugueiro e á rehabilitación e axudas aos concellos para a creación dun parque público municipal de vivenda en alugueiro que complemente ao propio da Xunta de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53549
Data envío: 07/08/2019 14:01:59.825

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/08/2019 14:01:56

CSV: BOPGDSPGpV1DsHhSU7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53547

Data envío: 07/08/2019 14:01:45.294

Data 07/08/2019 14:01

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 46382** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“o cumprimento polo Goberno galego do Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia para o período 2010-2020”**, (publicada no BOPG número 437 do 27 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia está cumprindo e desenvolvendo as medidas establecidas no Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2022.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 50594**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o estado de desenvolvemento no que se atopa o proceso selectivo de persoal para o Corpo de inspectores veterinarios da Xunta de Galicia convocado mediante a Orde da Consellería de Facenda, do 31 de marzo de 2017”**(publicada no BOPG número 486 do 12 de xuño de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións febreiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A oposición para o acceso á escala de veterinarios da Xunta de Galicia estase realizando dentro dos prazos legais.

A última resolución foi no mes de xaneiro, na que se deu comezo á fase de baremación de méritos. Nesta fase, o Tribunal atopou dúbidas interpretativas, motivo polo cal solicitou informe aclaratorio á Dirección Xeral da Función Pública. Esta Dirección, logo de confirmar que hai aspectos dubidosos a raíz de recente xurisprudencia, decidiu solicitar informe á Asesoría Xurídica da Xunta para que clarifique estas dúbidas.

Unha vez se reciba este informe e se clarifiquen as dúbidas, a Xunta continuará coa baremación e pechará esta fase.

A Xunta está a actuar cun único criterio: acadar a maior seguridade xurídica para evitar reclamacións e resolucións xudiciais posteriores que poidan comprometer o resultado do proceso, prexudicando aos aspirantes que participan nel.



En todo caso, convén lembrar que a solicitude de informes sobre aspectos dubidosos é un procedemento habitual en calquera administración, que se activa en procura da maior seguridade xurídica”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53117
Data envío: 31/07/2019 16:37:28.539

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/07/2019 16:37:24

CSV: BOPGDSPGpV1DsuhSU7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 50935**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luísa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o prazo previsto pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para a resolución das axudas ao alugamento de vivenda convocadas na Orde do 22 de xuño de 2018 e correspondentes ao Plan estatal de vivenda 2018-2021”**, (publicada no BOPG número 489 do 20 de xuño de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O procedemento para a tramitación e concesión das axudas ao alugueiro vén determinado polo plan de vivenda e trátase dun procedemento de gran complexidade, xa que despois da presentación da solicitude é necesario que o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) realice requirimentos para o aporte de documentación complementaria, cos correspondentes prazos para a súa presentación.

Esa complexidade, unida ao gran volume de solicitudes presentadas, fai que o proceso de concesión se alargue, aínda que en breve estarán resoltas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2019 13:11:42
Nº Rexistro: 53172
Data envío: 01/08/2019 13:11:42.892

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/08/2019 13:11:39

CSV: BOPGDSPGpV1DsuhSU7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 51064**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón Sánchez García, sobre **“as actuacións da Xunta de Galicia, no que queda de lexislatura, destinadas a dar cumprimento ó acordo de París e do Grupo Intergubernamental de Expertos sobre o Cambio Climático (IPCC)”**, (publicada no BOPG número 489 do 20 de xuño de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións febreiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego está a traballar intensamente para dar cumprimento ao Acordo de París e converterse nun dos territorios que lidera a transición cara un futuro baixo en emisións de gases de efecto invernadoiro e resilente aos efectos do cambio climático. Este traballo estase a plasmar na Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, un instrumento de futuro que permitirá captar fondos para desenvolver actuacións fronte ao cambio climático e xerará novas oportunidades empresariais fomentando o emprego verde. A elaboración desta estratexia, de carácter transversal, baseouse nun proceso de diálogo participativo e transparencia, xa que o Goberno galego considera fundamental contar con toda a sociedade na loita contra o cambio climático. E esta estratexia únese a outras actuacións, como o impulso que se lle está a dar á loita contra o cambio climático a nivel municipal a través do Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía. No caso de Fridays for Future, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda tentouse poñer en contacto con este movemento, sen ter recibido polo momento ningunha resposta”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2019 13:11:19
Nº Rexistro: 53169
Data envío: 01/08/2019 13:11:19.142

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/08/2019 13:11:15

CSV: BOPGDSPGpV1DsuhSU7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53542

Data envío: 07/08/2019 14:01:02.247

Data 07/08/2019 14:00

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 51874** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para evitar a privatización dos servizos de venda de billetes de tren das estacións de ferrocarril do Carballiño e Ribadavia”**, (publicada no BOPG número 495 do 1 de xullo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Os concursos licitados responden ao obxectivo de ofrecer unha mellor atención aos usuarios desas estacións ferroviarias ao implicar un reforzo para o persoal de circulación, que ata o de agora está a realizar as funcións de venda de billetes e atención aos usuarios.

En todo caso, desde o Goberno galego manterase unha atención permanente sobre a prestación do servizo ferroviario na Comunidade e demandará, como veu facendo ata o de agora, que se garanta a calidade do servizo ferroviario aos usuarios e aos veciños deses municipios”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



páxina 1 de 1

CSV: BOPGDSPGpV1DshhSU7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53542
Data envío: 07/08/2019 14:01:02.247

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/08/2019 14:00:58

CSV: BOPGDSPGpV1DsHhSU7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53116

Data envío: 31/07/2019 16:37:20.711

Data 31/07/2019 16:37

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 50595**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o estado de desenvolvemento no que se atopa o proceso selectivo de persoal para o Corpo de inspectores veterinarios da Xunta de Galicia convocado mediante a Orde da Consellería de Facenda, do 31 de marzo de 2017, así como o prazo previsto para a publicación das puntuacións definitivas”**, (publicada no BOPG número 486 do 12 de xuño de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A oposición para o acceso á escala de veterinarios da Xunta de Galicia estase realizando dentro dos prazos legais.

A última resolución foi no mes de xaneiro, na que se deu comezo á fase de baremación de méritos. Nesta fase, o Tribunal atopou dúbidas interpretativas, motivo polo cal solicitou informe aclaratorio á Dirección Xeral da Función Pública. Esta Dirección, logo de confirmar que hai aspectos dúbidosos a raíz de recente xurisprudencia, decidiu solicitar informe á Asesoría Xurídica da Xunta para que clarifique estas dúbidas.

Unha vez se reciba este informe e se clarifiquen as dúbidas, a Xunta continuará coa baremación e pechará esta fase.

A Xunta está a actuar cun único criterio: acadar a maior seguridade xurídica para evitar reclamacións e resolucións xudiciais posteriores que poidan comprometer o resultado do proceso, prexudicando aos aspirantes que participan nel.



En todo caso, convén lembrar que a solicitude de informes sobre aspectos dubidosos é un procedemento habitual en calquera administración, que se activa en procura da maior seguridade xurídica.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53116
Data envío: 31/07/2019 16:37:20.711

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/07/2019 16:37:05

CSV: BOPGDSPGpV1DsHhSU7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53128
Data envío: 31/07/2019 16:39:14.773
Data 31/07/2019 16:39

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 42054**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións do Goberno galego en relación ao tratamento de augas residuais na ría de Pontevedra”**, (publicada no BOPG número 411 do 15 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O saneamento integral das rías galegas é un dos obxectivos prioritarios do Goberno galego. A aposta da Xunta polo saneamento das rías, en xeral, e pola ría de Pontevedra, en particular, é clara: estase traballando cun grande esforzo para sentar as bases do saneamento desta ría co máximo respecto ao medio ambiente e pensando no beneficio de todos os galegos.

A Xunta ten a capacidade para actuar no seu ámbito de competencia e, nese sentido, está adoptando as decisións máis axeitadas coas ferramentas das que dispón e seguirá traballando pola mellora do saneamento da ría de Pontevedra na busca da mellor solución desde un punto de vista técnico, económico, social e ambiental, intentando minimizar os impactos ambientais e sociais que poden ocasionar este tipo de actuacións; e traballando en prol do crecemento da ría e dos seus fundamentais sectores produtivos (actividade marisqueira, turismo...) que se verán beneficiados por estas actuacións.

No saneamento da ría de Pontevedra desde o ano 2009 lévanse investido arredor de 40 millóns de euros. Actualmente, atópase en redacción o Plan de Saneamento Local, no que se plasmarán as actuacións que permitirán mellorar definitivamente o estado desta ría.



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2



Actualmente tamén está en marcha a actuación consistente na mellora da EDAR actual de Praceres, cun investimento de 16 millóns de euros, e que se completará coa construción dun novo emisario submarino, dimensionado para a situación actual e futura. Convén recordar tamén que a Xunta destina 3 millóns ao ano á explotación da EDAR de Praceres”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53128
Data envío: 31/07/2019 16:39:14.773

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/07/2019 16:39:11

CSV: BOPGDSPGpV1DsHhSU7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2019 13:14:17
Nº Rexistro: 53191
Data envío: 01/08/2019 13:14:17.829
Data 01/08/2019 13:14

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 42056**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a política do Goberno galego en relación ao emisario submarino en Lourizán (Pontevedra)”**, (publicada no BOPG número 411 do 15 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 42057, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia (BOPG) número 449, do 26 de marzo de 2019.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

páxina 1 de 1

CSV: BOPGDSPGpV1DsahhSU7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2019 13:14:17
Nº Rexistro: 53191
Data envío: 01/08/2019 13:14:17.829

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/08/2019 13:14:13

CSV: BOPGDSPGpV1DsHhSU7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53127
Data envío: 31/07/2019 16:39:07.648
Data 31/07/2019 16:38

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 42425**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os plans da Xunta de Galicia ao respecto da ampliación da depuradora dos Praceres tras o posicionamento en contra do Pleno do Concello de Pontevedra e as alternativas previstas para solucionar os problemas de saneamento da ría de Pontevedra”**, (publicada no BOPG número 411 do 15 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O 10 de marzo do ano 2016 recaeu sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, declarativa de incumprimento da Directiva 91/271/CEE, sobre tratamento de augas residuais.

Esta sentenza declara o incumprimento que existe da Directiva en relación con esta aglomeración, pero podería traducirse en consecuencias económicas para o Reino de España, que se ponderan en función do grado de compromiso das Administracións coa resolución do problema existente. Para evitar consecuencias económicas negativas e que se poidan dar novos procedementos de infracción é preciso buscar a solución á problemática existente para que os concellos poidan cumprir coa normativa Europea en materia de saneamento.

Para dar cumprimento á Directiva 91/271/CEE, de 21 de maio, de augas residuais urbanas, desde a Xunta de Galicia vense traballando de maneira constante e cun compromiso claro de consecución deste obxectivo. A Xunta, a través Augas de Galicia, no



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2



marco das súas competencias, está a realizar todas as actuacións para adecuarse, canto antes, ao cumprimento das directivas europeas.

Desde a Xunta a aposta polo saneamento das rías, en xeral, e pola ría de Pontevedra, en particular, é clara: estase traballando cun grande esforzo para sentar as bases do saneamento desta ría co máximo respecto ao medio ambiente e pensando no beneficio de todos os galegos.

A Xunta ten a capacidade para actuar no seu ámbito de competencia e está adoptando as decisións máis axeitadas, xa que non existen outras alternativas viables que acheguen solucións, e a inactividade non pode ser unha opción.

Desde o Goberno galego seguirase traballando pola mellora do saneamento da ría de Pontevedra buscando a mellor solución desde un punto de vista técnico, económico, social e ambiental, intentando minimizar os impactos ambientais e sociais que poden ter este tipo de actuacións e traballando en prol do crecemento da ría e dos seus fundamentais sectores produtivos (actividade marisqueira, turismo...) que se verán beneficiados por estas actuacións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53127
Data envío: 31/07/2019 16:39:07.648

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/07/2019 16:38:50

CSV: BOPGDSPGpV1DsihSU7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 42674**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a actuación do goberno galego en relación aos danos ocasionados pola nevarada deste outono na montaña de Lugo”**, (publicada no BOPG número 414 do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta conxunta da Consellería do Medio Rural e da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade á pregunta escrita número 40330, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia (BOPG) número 421, do 29 de xaneiro de 2019”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2019 09:47:00
Nº Rexistro: 53426
Data envío: 06/08/2019 09:47:00.498

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/08/2019 9:46:57

CSV: BOPGDSPGpV1DsHhSU7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 43060**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a eficacia da política do Goberno galego en materia de depuración e saneamento, os incumprimentos da normativa europea denunciados e o pagamento da sanción imposta; así como a colaboración de Galicia na elaboración do Plan nacional de depuración, saneamento, eficiencia, aforro e reutilización”**, (publicada no BOPG número 414 do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Para o Goberno galego é absolutamente prioritaria a mellora e conservación da calidade das masas de auga da Comunidade. É un dos compromisos máis firmes, no que se vén traballando nos últimos anos e co que se está contribuíndo de xeito eficaz a acadar ese saneamento. A Xunta traballa para acadar os obxectivos fixados cunha programación de actuacións dotada orzamentariamente. Ten elaborado plans de saneamento locais (plans especiais), ten construído infraestruturas necesarias (investimentos), e realiza un seguimento e control continuo da calidade das augas.

Cómpre salientar que para dar cumprimento á Directiva 91/271/CEE, de 21 de maio, de augas residuais urbanas, por parte de Augas de Galicia vense traballando de maneira constante e cun compromiso claro de consecución deste obxectivo. Augas de Galicia, no marco das súas competencias, está a realizar todas as actuacións para adecuarse, canto antes, ao cumprimento das directivas europeas.

No caso concreto da ría de Pontevedra, o Goberno galego, a través do Plan de saneamento local da ría, realizou traballos de inventariado das redes de saneamento, de medicións de caudal circulante polas redes e de calidade, de realización de batimetrías e de realización dun modelo dixital calibrado das redes de saneamento e do modelo calibrado da ría de Pontevedra.



Estes traballos teñen permitido a definición de propostas de actuación e o establecemento dunha priorización das mesmas.

No curto prazo, a Xunta aposta pola mellora da actual estación depuradora de augas residuais e pola construción dun novo emisario, prevéndose ao seu termo unha mellora substancial da calidade da auga depurada da EDAR.

A Xunta vén amosando o seu compromiso co saneamento da ría, axudando nunha materia que é de competencia municipal, no que ten investido arredor de 40 millóns de euros.

O traballo que está a liderar a Xunta na depuradora dos Praceres persegue un obxectivo a compartir polos concellos, como organismos competentes en saneamento e depuración. Neste sentido, faise necesario a implicación dos concellos no saneamento da ría, comezando pola reparación das deficiencias existentes na súa rede de colectores, para o que xa recadan a taxa de alcantarillado, que é finalista.

Desde o Goberno galego seguirase traballando pola mellora do saneamento da ría de Pontevedra buscando a mellor solución desde un punto de vista técnico, económico, social e ambiental, intentando minimizar os impactos ambientais e sociais e traballando en prol do crecemento da ría e dos seus fundamentais sectores produtivos (actividade marisqueira, turismo...) porque, a día de hoxe, non actuar na depuradora dos Praceres supón un risco real para estes sectores.

No relativo ao saneamento de Santiago de Compostela, cómpre lembrar que este está declarado de interese xeral do Estado desde o ano 2001, e tamén as estacións depuradoras de augas residuais de Ribeira e de Vigo foron executadas pola Administración Xeral do Estado.

En canto ao procedemento da Unión Europea, indicar que se trata dunha denuncia ao Reino de España, que afecta a núcleos urbanos de toda España. O encargado da defensa ante Europa é o Ministerio para a Transición Ecolóxica e a coordinación das actuacións fronte á Comisión realízase a través do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación. A Xunta colabora en todo momento e con plena disposición para realizar as actuacións que sexan necesarias para esta defensa.

Por último, en relación ao Plan nacional de depuración, saneamento, eficiencia, aforro e reutilización, o Estado está a someter unhas directrices sobre ese Plan ao trámite de consulta pública e está pendente de coñecerse cal será o investimento que vai realizar o Estado, máis





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53235
Data envío: 01/08/2019 16:38:07.081

alá da proposta nos programas de medidas dos plans hidrolóxicos. Desde a Xunta de Galicia colaborarase co Goberno do Estado en todo o que sexa requirido”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



páxina 3 de 3



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53235
Data envío: 01/08/2019 16:38:07.081

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/08/2019 16:38:03

CSV: BOPGDSPGpV1DsahSU7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2019 09:46:53
Nº Rexistro: 53425

Data envío: 06/08/2019 09:46:53.264

Data 06/08/2019 09:46

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 43114**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para a paralización do proxecto de mellora na intersección do acceso a Setados, no Concello de As Neves, o prazo para a súa execución e os investimentos realizados na estrada PO400 no período 2013-2018”**, (publicada no BOPG número 418 do 24 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 43116, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia (BOPG) número 450, do 27 de marzo de 2019”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2019 09:46:53
Nº Rexistro: 53425
Data envío: 06/08/2019 09:46:53.264

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/08/2019 9:46:48

CSV: BOPGDSPGpV1DsHhSU7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **43235**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Antón Sánchez García e don Marcos Cal Ogando, sobre **“a opinión do Goberno galego en relación co contido do informe de impacto ambiental emitido pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e de Cambio Climático respecto da planta de almacenamento e valorización de residuos industriais e urbanos no lugar da Furoca, promovida pola empresa Gesmaga, así como as razóns existentes para non demandar a realización dunha avaliación ambiental ordinaria”**, (publicada no BOPG número 418 do 24 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións febreiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Resolución do 18 de setembro de 2017 da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático pola que se formula o informe de impacto ambiental da planta de almacenamento e valorización de residuos industriais e urbanos no lugar da Furoca atópase dispoñible para consulta pública na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Nela inclúese unha completa motivación ambiental e xurídica.

En canto ao estudo de alternativas, é adecuado e adaptado ao previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. Como non pode ser doutro xeito, as determinacións do Plan de Residuos Industriais de Galicia (PRIGA) son determinantes dentro do trámite da autorización administrativa perceptiva”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2019 13:14:09
Nº Rexistro: 53190
Data envío: 01/08/2019 13:14:09.689

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/08/2019 13:14:06

CSV: BOPGDSPGpV1DsuhSU7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 43355**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto do estado de illamento no que se atopa a veciñanza de San Vicente de Leira, no concello de Vilamartín de Valdeorras, por causa do corte físico da estrada OU-0807, así como as actuacións levadas a cabo e previstas para solucionar esta situación”**, (publicada no BOPG número 418 do 24 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 33918, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia (BOPG) número 415, do 21 de xaneiro de 2019”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53234
Data envío: 01/08/2019 16:37:46.690

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/08/2019 16:37:43

CSV: BOPGDSPGpV1DsahSU7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53552
Data envío: 07/08/2019 14:02:31.388
Data 07/08/2019 14:02

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 44511** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“as previsións do Goberno galego referidas á mellora da seguridade viaria da estrada autonómica PO-510, no lugar da Vaquería, no parroquia de Budiño, no concello do Porriño, así como a realización dalgún estudo ao respecto”**, (publicada no BOPG número 422 do 30 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Tal e como informou o director da Axencia Galega de Infraestruturas na xuntanza que mantivo no mes de xullo coa alcaldesa e representantes veciñais, a Xunta, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, está a traballar nun proxecto de mellora da seguridade viaria no treito inicial da PO-510, co que se prevé actuar no treito comprendido entre os puntos quilométricos 2 e 3 da citada vía co fin de facilitar a mobilidade nesta contorna. Para a redacción deste proxecto no que se refire a este treito indicouse que se debían estudar as seguintes actuacións:

- A construción de dúas glorietas, unha no punto quilométrico 2+100 e outra no 2+500, que posibilitarán realizar xiros con maior seguridade e calmarán o tráfico nesta zona.
- A execución de sendas nas marxes da estrada, especialmente na zona de vivendas, para favorecer o tránsito peonil máis seguro e cómodo.



- A execución dun paso de peóns cun semáforo con pulsador nas proximidades da glorieta, no punto no que os vehículos deben reducir a súa velocidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 5352
Data envío: 07/08/2019 14:02:31.388

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/08/2019 14:02:27

CSV: BOPGDSPGpV1DsHhSU7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 44876**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Francisco Casal Vidal e don Marcos Cal Ogando, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da introdución dalgunha medida lexislativa para vetar o uso da munición de chumbo para actividades cinexéticas e esixir o emprego de materiais alternativos”**, (publicada no BOPG número 428 do 7 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións febreiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A normativa autonómica sobre a caza está representada pola Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia e o Decreto 284/2001, do 11 de outubro, polo que se aproba o regulamento. A maiores, a Lei 42/2007, do 13 de decembro, de patrimonio natural establece no seu artigo 65.3.j) a prohibición da tenza e o uso de munición que conteña chumbo durante o exercicio da caza cando esta actividade se exerza en zonas húmidas incluídas na Lista do Convenio relativo a Humidais de Importancia Internacional, nas da Rede Natura 2000 e nas incluídas en espazos naturais protexidos, considerándose a súa tenza e uso unha infracción administrativa. Neste sentido, ditouse a Resolución do 10 de outubro de 2008, pola que se fai pública a lista dos humidais de Galicia nos que está prohibida a tenza e o uso de munición que conteña perdigóns de chumbo durante o exercicio da caza.

Ademais, no artigo 85.7 da Lei de Caza de Galicia tipifícase como infracción grave o uso de munición que conteña chumbo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53124
Data envío: 31/07/2019 16:38:32.664

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/07/2019 16:38:29

CSV: BOPGDSPGpV1DsuhSU7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 44879**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Francisco Casal Vidal e don Marcos Cal Ogando, sobre **“o impacto que ten e os perigos que supón para as persoas menores de idade, a súa participación en actividades cinexéticas”**, (publicada no BOPG número 428 do 7 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións febreiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Segundo se establece na Lei 13/2013, de caza de Galicia, a comunidade galega ten fixada, xunto con Canarias, a idade mínima máis alta para poder cazar, situada nos 16 anos. Ademais, os menores deben ir acompañados e vixiados por unha persoa maior de idade a unha distancia mínima de 50 metros e cumprir con todas as medidas de seguridade establecidas na Lei 13/2013, de caza de Galicia.

O número de licencias de caza en Galicia correspondentes a menores é de 101, o que supón o 0,25% das licencias totais do 2018”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53123
Data envío: 31/07/2019 16:38:25.711

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/07/2019 16:38:22

CSV: BOPGDSPGpV1DsuhSU7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 45089**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a porcentaxe de lixo trasladado a Sogama por ferrocarril no ano 2018 e o prazo previsto polo Goberno galego para o uso exclusivo dese medio de transporte para o seu traslado”**, (publicada no BOPG número 430 do 13 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O obxectivo establecido por Sogama era lograr que ao longo do ano 2018 o transporte de residuos urbanos por ferrocarril chegase ao 55%. No último trimestre do ano este obxectivo superouse, acadando o 56,70% en setembro, o 58% en novembro e o 57,90% en decembro.

